



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 63 · Martes, 17 marzo 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2020..... 2
- Extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2020..... 39
- Resolución de Presidencia para Covid-19, publicada nunha soa lingua por cuestións de excepcionalidade..... 39

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A.

Comisaría de Aguas. Ourense

- Información pública do proxecto de consolidación, reparación e mellora da capacidade de desaugadoiro da ponte de Conceliñas sobre o río Mao en Parada de Sil..... 43

IV. ENTIDADES LOCAIS

Ourense

- Decreto da Alcaldía de supresión de postos directivos creados polo Decreto n.º 4216/2007..... 43

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Bases reguladoras de la convocatoria del concurso para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2020..... 20*
- Extracto de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2020..... 39*
- Resolución de Presidencia para Covid-19, publicada en una sola lengua por cuestiones de excepcionalidad..... 39*

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.

Comisaría de Aguas. Ourense

- Información pública del proyecto de consolidación, reparación y mejora de la capacidad de desagüe del puente de Conceliñas sobre el río Mao, en Parada de Sil..... 43*

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

- Decreto de la Alcaldía de supresión de puestos directivos creados por el Decreto n.º 4216/2007..... 43*



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do día 5 de marzo de 2020, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2020, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto

1. O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2020, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte -saúde e deporte para todos.

2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse eventos deportivos os que reúnan os seguintes requisitos:

Actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como campionatos e torneos, carreiras, andainas ou rutas de sendeirismo e marchas ou rutas cicloturistas.

3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

a) Aquelas competicións, ligas, actividades ou programacións que puideran ter encaixe dentro de calquera outro programa de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. (Copas Deputación, bolsas para deportistas ou subvencións para os gastos de mantementos de clubs, etcétera).

b) Aquelas actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico ou cultural, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 destas bases.

c) Aquelas actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable. Aglutínanse dentro desta categoría eventos que comportan deportes catalogados como "extremos", exhibicións de forzudos tipo "strongmen", probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlóns de categoría "ironman", probas cicloturistas de distancia excesiva ou competicións denominadas popularmente como "maratón", que se desenvolven sen procurarllles aos participantes os lóxicos descaños reparadores e saudables.

d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

e) Actividades de carácter formativo ou divulgativo.

f) Aqueles eventos que teñan por obxectivo no seu desenvolvemento procurar o sufrimento e/ou morte de animais.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa:

Entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplan

nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia. A este respecto, advírtese que os eventos débense desenvolver, maioritariamente, na provincia de Ourense.

No caso de eventos propostos por estruturas federativas, a solicitude poderá proceder da federación galega da modalidade respectiva.

Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020.

A contía total máxima estimada é de setenta mil euros (70.000,00 €).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento da actividade, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo estimado da actividade, non podendo superar, en ningún caso, a contía máxima de dez mil euros por beneficiario (10.000,00 €).

En consecuencia, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000,00 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente ao longo do período subvencionable. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 10.000,00 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000,00 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscrias polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no rexistro xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na disposición derogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

1. O prazo improrrogable de presentación iníciarase a partir da publicación, pola Base de datos Nacional de Subvencións, do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

2. Ao tratarse dunha convocatoria aberta, consonte ao sinalado no artigo 59 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, establécense os seguintes períodos de presentación de solicitudes e de valoración destas:

d) Volume de participación e incidencia da participación de mulleres, discapacitados e base deportiva.

2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade desagregado por conceptos, (anexo VI). Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

3.- Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do proxecto ou actividade, así como a adopción destas medidas de publicidade durante o tempo de celebración do evento.

Advirtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se achegue, cando menos, o proxecto descritivo da actividade co contido definido nos apartados a), b), c) e d) e o orzamento do punto 2. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopan incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I, ata un máximo de tres, para cada proxecto diferenciado de eventos deportivos para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior.

Cando se trate de solicitudes presentadas na mesma data, no que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Cando se trate de distintas solicitudes presentadas ao longo do período subvencionable, deberase presentar de novo a documentación administrativa coa excepción do disposto na base quinta.

Quinta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, co fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Quinta 5.- Regras de presentación telemática da documentación esixible:

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e todos os anexos que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse non se lle formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos, así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta 6.- Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e garantías dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 620 e correo electrónico: DPO@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da



Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da práctica deportiva e incentivo aos deportistas ourensáns cualificados) perseguida coa actual convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento dun evento deportivo como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitrxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, publicidade e difusión, servizos de seguridade e orde, atención sanitaria, seguros, e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almozos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal de organización, honorarios profesionais, ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

Neste senso, e de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento para o ano 2020, establécese unha porcentaxe máxima do 20% na xustificación en gastos de manutención.

Así mesmo, as bebidas alcohólicas non terán carácter subvencionable; non obstante, esta exclusión non será aplicable aos gastos de cervexa e viño (consideradas como alimento), sempre que o seu importe total non supere o 15 % do importe xustificado.

Oitava.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. As solicitudes remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Para achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VII destas bases.

Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2020. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2020. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de facenda.
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

1) Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados. (Ata 40 puntos).

- Maior orzamento: 25 puntos, resto proporcionalmente.

• Maior esforzo económico: 15 puntos, resto proporcionalmente.

2) Categoría competitiva do evento. Dando maior puntuación canto máis importante sexa a actividade (Ata 40 puntos).

3) Antigüidade: dándolles maior puntuación ás actividades solicitadas con máis forte tradición no panorama deportivo ourensán (Ata 10 puntos).

4) Duración: dando maior puntuación cantas máis xornadas teña a actividade (Ata 10 puntos).

5) Volume de participación: neste apartado valorarase o número de participantes nas actividades, primando o maior volume de participación, ponderado en función do tipo de actividade de que se trate, segundo sexa. (Ata 20 puntos):

• Deporte federado (fases ascenso, torneos, partidos, e calquera competición de deporte federado).

• Deporte espectáculo (público potencial nas propostas que se refiren exclusivamente a “deporte espectáculo”: “rallys”, “campionatos e torneos de exhibición”, “carreiras profesionais ciclismo”, e competicións nas que a presenza de público é significativa e determinante”.

• Actividades deportivas de carácter popular. (Andainas, carreiras, eventos populares, etcétera).

Con respecto a este criterio, advírtese que a Comisión de Valoración non estará vinculada pola previsión de participación indicada polos solicitantes, podendo realizar as actuacións de verificación que considere oportunas, entre elas a comparación co volume de participación en edicións anteriores, de ser o caso.

6) Muller, persoas con discapacidade e deporte base: a maior participación destes colectivos na actividade (Ata 10 puntos).

A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

Décimo primeira.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo



de resolución será de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2020, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na páxina web da entidade e na páxina web de deportes indicada na base quinta.

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense no lugar ou lugares nos que se celebre o evento ou eventos obxecto de subvención.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Para a realización desta memoria, poderase utilizar o modelo recollido no Anexo VIII.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión. Para a realización desta relación, poderá utilizarse o modelo recollido no anexo IX destas bases.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade. Para a realización desta relación, poderá utilizarse o modelo recollido no anexo X destas bases.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indícaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo XI destas bases.

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última en orixinal ou duplicado ou copia simple.

Nos supostos de premios en metálico, estes deberanse xustificar mediante cheque nominativo ou transferencia bancaria, podendo solicitarse no caso do talón, a acreditación bancaria do seu cargo.

A presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, admitírase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu

pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

Ademais, nos desprazamentos xustificadas mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, gastos de viaxes, aparcadoiros, comidas, etcétera, que non se xustifiquen como axudas de custo, xustificadas mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se xunta o correspondente documento de gasto (ticket, albarán, ...)

Non serán válidos os gastos de desprazamentos tanto individual como colectivo, de non figurar tódolos datos nos documentos xustificativos do gasto.

- No caso de gastos de arbitaxes de actividades deportivas, achegárase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, unha certificación do correspondente colexio de árbitros competente.

- No caso de pagos de desprazamentos a deportistas requírase unha declaración xurada dos desprazamentos, co visto e prace do presidente e secretario do club.

No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, ademais do sinalado no parágrafo onde se indica os supostos de non existir obriga legal de emitir factura, deberá presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e prace do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento, esta certificación non exime da obriga da presentación dos correspondentes documentos xustificativos do gasto.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da sub-

vención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificativo sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

(2) Solamente cubrir público potencial en las propuestas que se refieren exclusivamente a “deporte espectáculo”: “rallyes”, “campeonatos y torneos de exhibición y competiciones en las que la presencia de público es significativa”, “carreras profesionales ciclismo” etcétera.

(3) Solamente cubrir número de deportistas en las propuestas que se refieren a actividades en las que la participación prioritaria es de participantes en manifestaciones del deporte popular. (Caminatas, carreras, eventos populares, etcétera)



ANEXO VI

SOLICITUD PARA EVENTOS DEPORTIVOS 2020

FICHA DE EVALUACIÓN DE INGRESOS Y GASTOS

PRESUPUESTO DE GASTOS

CONCEPTO	PREVISIÓN 2020	GASTOS REALES 2019
1. Gastos de desplazamientos_____	_____	_____
1.1. Transporte y aparcamiento_____	_____	_____
1.2. Estancias_____	_____	_____
2. Gastos de manutención_____	_____	_____
3. Gastos de material_____	_____	_____
3.1. Material deportivo_____	_____	_____
3.2. Premios y trofeos_____	_____	_____
4. Gastos de atención sanitaria_____	_____	_____
5. Alquiler de instalaciones_____	_____	_____
6. Gastos de seguridad_____	_____	_____
6.1. Seguros_____	_____	_____
6.2. Personal y dispositivo físico de seguridad_____	_____	_____
7. Gastos de limpieza y mantenimiento_____	_____	_____
8. Gastos de difusión y publicidad_____	_____	_____
9. Derechos de arbitrajes_____	_____	_____
10. _____	_____	_____
11. _____	_____	_____
12. _____	_____	_____
TOTAL GASTOS PREVISTOS		

PRESUPUESTO INGRESOS

CONCEPTO	PREVISIÓN 2020	INGRESOS REALES 2019
1. Ayudas de entidades oficiales_____	_____	_____
1.1. Subvención Xunta de Galicia_____	_____	_____
1.2. Subvención del respectivo ayuntamiento_____	_____	_____
1.3. Subvención de la Diputación_____	_____	_____
1.4. Otras subvenciones públicas_____	_____	_____
2. Empresas privadas patrocinadoras_____	_____	_____
3. Ingresos entidades o personas físicas colabora._____	_____	_____
4. Ingresos por inscripción dos participantes_____	_____	_____
5. _____	_____	_____
6. _____	_____	_____
TOTAL INGRESOS		

Fdo.: _____
(El tesorero de la entidad)

Fdo.: _____
(El representante de la entidad)

**ANEXO VII**

(Este anexo solo se cumplimentará en caso de enmienda de documentación)

D./D^a _____

con DNI _____, en representación de la entidad _____

_____ le adjunto la documentación

solicitada para unir al expediente de solicitud de subvención para _____

_____.

Ourense, ____ de _____ de 2020

Fdo.: _____

(Nombre y apellidos)



JUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA EVENTOS DEPORTIVOS 2020

ANEXO VIII

MEMORIA DE LA ACTIVIDAD

Empty rectangular box for the activity report content.

En _____, a _____ de _____ de 2020

Fdo:



ANEXO IX

RELACIÓN CLASIFICADA DE LOS GASTOS DE LA ACTIVIDAD

D/D^a _____

Presidente/a de la entidad _____

C.I.F n.º: _____

DECLARO:

Que los gastos efectuados por la asociación para la ejecución del proyecto denominado,

_____, presupuestado por la cuantía total de _____ euros son los siguientes:

	FECHA	Nº FACTURA	PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
TOTAL						

En _____, a _____ de _____ de 2020

**ANEXO X****RELACIÓN DETALLADA DE LOS INGRESOS OBTENIDOS PARA ACTIVIDAD**D/D^a _____

Presidente/a de la entidad _____

C.I.F n.º: _____

DECLARO:

Que los ingresos obtenidos por la entidad para la ejecución de la actividad denominada, _____

_____, son los siguientes:

	CONCEPTO	IMPORTE
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
	TOTAL	

En _____, a _____ de _____ de 20

Fdo:



**ANEXO XI
DECLARACIÓN**

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NO ESTAR INCURSO EN PROHIBICIONES PARA OBTENER LA CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES Y DE ESTAR AL CORRENTE DE LAS OBLIGACIONES TRIBUTARIAS Y CON LA SEGURIDAD SOCIAL Y EN EL PAGO DE OBLIGACIONES POR REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Don/Doña _____, NIF _____

en representación de _____ CIF _____,

En virtud de lo dispuesto en el artículo 69 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y considerando los apartados 2 y 3 del artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, así como las bases reguladoras de esta convocatoria de subvenciones que establecen un régimen simplificado de acreditación de estas circunstancias al amparo de lo dispuesto en el artículo 31.7 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, **DECLARA RESPONSABLEMENTE** ante la Diputación Provincial de Ourense, y a los efectos de acreditar el cumplimiento de los requisitos exigidos para ser beneficiario/a de la subvención solicitada y posteriormente proceder al cobro de la misma.

PRIMERO: Que no se encuentra incurso/a en ninguno de los supuestos establecidos en el artículo 13, apartados 2 y 3, de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

SEGUNDO: Que se encuentra al corriente en el pago de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social, así como en el pago de las obligaciones por reintegro de subvenciones, **comprometiéndose a mantener el cumplimiento de las anteriores obligaciones durante el período de tiempo inherente al reconocimiento al ejercicio del derecho al cobro de la subvención**, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 31.7 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y con el artículo 69.1 de la Ley 39/2015, así como a acreditarlo en cualquier momento en el que le sea requerido por el órgano concedente de la subvención.

Manifiesto que soy conocedor de la obligación de comunicar a la Diputación Provincial de Ourense cualquier variación que pudiera producirse en lo sucesivo respecto a lo anteriormente manifestado, y para que conste así, firmo esta declaración,

En _____, a _____ de _____ de 2020.

Fdo.:



Deputación Provincial de Ourense

BDNS(Identif.):499288

BDNS: 499288

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do “concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2020, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>:

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios desta subvención as entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplan nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia. No caso de eventos propostos por estruturas federativas, a solicitude poderá proceder da federación galega da modalidade respectiva.

Segundo. Obxecto:

A finalidade desta subvención é a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos durante o ano 2020.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno de 5 de marzo de 2020 polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense para a organización de eventos deportivos 2020.

Cuarto. Importe:

O importe da consignación prevista ascende a un total de 70.000,00 euros, con cargo á aplicación 34111/48206 dos orzamentos da Diputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes, que contempla dous períodos ao tratarse dunha convocatoria aberta, iníciase a partir do día seguinte o da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP de Ourense, e distribúese do seguinte xeito:

- 1º período: Desde a data de publicación pola BDNS do extracto das bases no BOP ao 30.04.2020, 50.000 €
- 2º período: Do 01.07.2020 ao 31.07.2020, 20.000 €

Diputación Provincial de Ourense

BDNS(Identif.):499288

BDNS: 499288

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del “concurso público para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2020, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>:

Primero. Beneficiarios:

Podrán ser beneficiarios de esta subvención las entidades deportivas y otras entidades sin ánimo de lucro con domicilio social en la provincia de Ourense, que contemplan en sus estatutos, como objeto social, entre otros, la promoción y

difusión del deporte en nuestra provincia. En el caso de eventos propuestos por estructuras federativas, la solicitud podrá proceder de la federación gallega de la modalidad respectiva.

Segundo. Objeto:

La finalidad de esta subvención es la concesión de subvenciones para la organización de eventos deportivos durante el año 2020.

Tercero. Bases reguladoras:

Acuerdo de la Junta de Gobierno de 5 de marzo de 2020 por el que se establecen las bases reguladoras y se anuncia la convocatoria de subvenciones a entidades deportivas y otras entidades sin ánimo de lucro con domicilio social en la provincia de Ourense para la organización de eventos deportivos 2020.

Cuarto. Importe:

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 70.000,00 euros, con cargo a la aplicación 341.11/482.06 de los presupuestos de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2020.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo de solicitudes, que contempla dos períodos al tratarse de una convocatoria abierta, se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de Ourense, y se distribuye de la siguiente manera:

- 1º período: Desde la fecha de publicación por la BDNS del extracto de las bases en el BOP al 30.04.2020, 50.000 €
- 2º período: Del 01.07.2020 al 31.07.2020, 20.000 €

R. 614

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase a seguinte Resolución da Presidencia

“Mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense n.º 2020/2081 de 13 de marzo de 2020 aprobouse o protocolo xeral de medidas preventivas en relación coa pandemia do COVI - 19 aplicables no sector público provincial. Con esa mesma data, o Consello da Xunta de Galicia adoptou un acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria en Galicia, activándose o Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (DOG n.º 50 bis de 13 de marzo de 2020). A este respecto, o acordo do Consello da Xunta veu ratificar as medidas de peche dos centros culturais, deportivos e formativos dependentes da Deputación Provincial xa acordada pola Presidencia na resolución citada. Posteriormente, o Goberno da Nación, mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional, adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia no noso país, entre as que se atopan restricións á libre circulación das persoas (artigo 7 do Real Decreto) e medidas de contención nos ámbitos educativos e de formación (artigo 9) nos equipamentos culturais, deportivos e de ocio (artigo 10) así como de suspensión dos prazos administrativos (Disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (Disposición adicional 4ª).

Neste senso, as medidas adoptadas na resolución da Presidencia de 13 de marzo en canto ao peche ao público dos centros e actividades formativos, culturais e deportivos do sector público provincial víronse, unha vez máis, ratificadas materialmente pola declaración de estado de alarma. Doutra



banda, e aínda que o Decreto de estado de alarma non contempla o peche ao público dos centros de traballo da Deputación, a suspensión das sesións de órganos colexiados e o resto de medidas adoptadas na resolución da Presidencia quedaron en todo caso formalmente ratificadas pola Disposición Final 1ª do Real Decreto 463/2020, tendo amparo legal, en todo caso, no artigo 6 do dito Real Decreto, conforme ao que “cada Administración conservará las competencias que le otorga la legislación vigente en la gestión ordinaria de sus servicios para adoptar las medidas que estime necesarias en el marco de las órdenes directas de la autoridad competente a los efectos del estado de alarma y sin perjuicio de lo establecido en los artículos 4 y 5”, é dicir, do necesario sometemento á ordes da autoridade nacional competente para xestionar o estado de alarma.

Con data 15 de marzo de 2020, o Centro de Coordinación Operativa da Xunta de Galicia (CECOP) adoptou medidas preventivas nos centros de traballo do sector público autonómico, establecendo o teletraballo como fórmula xeneralizada de prestación dos seus servizos polos empregados públicos e limitando a prestación presencial ás funcións de carácter esencial.

Á vista da evolución dos acontecementos, e previa a consulta coa Xunta de Goberno da Deputación Provincial, o goberno provincial considera que debe procederse á actualización do protocolo aprobado o 13 de marzo, substituíndoo por un novo protocolo que afonde no alcance das medidas adoptadas, en liña coas recomendacións formuladas polas autoridades sanitarias e coas medidas adoptadas polo CECOP para o persoal do sector público autonómico, procurando, na medida do posible, a máxima limitación nos movementos das persoas e a redución dos contactos presenciais.

A competencia para a adopción das medidas preventivas corresponde á Presidencia, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34, apartados a), d), e) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo exposto, dispoño:

1º) Deixar sen efecto a resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense nº 2020/2081 de 13 de marzo de 2020 pola que se aprobou o protocolo xeral de medidas preventivas en relación coa pandemia do COVID - 19 aplicables no sector público provincial, que queda substituída pola presente resolución, na que se aproba un novo protocolo co seguinte contido:

I. Obxecto: o presente protocolo establece as medidas a adoptar con carácter xeral para a prevención da propagación do coronavirus COVID 19 nos centros de traballo da Deputación Provincial de Ourense, do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE), no Consorcio Provincial de Ourense do Servizo Contra Incendios e de Salvamento (Consorcio CIS) e no Consorcio de Augas de Valdeorras. As persoas responsables dos distintos centros de traballo, servizos ou unidades administrativas adoptarán as medidas previstas no presente protocolo de forma inmediata e coordinada. A coordinación e execución das medidas previstas no presente protocolo no ámbito concreto da Deputación Provincial corresponderá ao deputado - delegado de Administración Provincial, co que se resolverá de forma directa calquera dúbida ou aclaración precisa para a súa aplicación.

No caso do INORDE, do Consorcio CIS e do Consorcio de Augas de Valdeorras, a coordinación e execución das medidas corresponderá aos presidentes dos ditos organismos.

II. Comisión de Seguimento do COVID - 19 no Sector Público Provincial.

Créase unha Comisión de Seguimento do COVID - 19 no Sector Público Provincial, nos seguintes termos:

a) Composición:

Presidente: o presidente da Deputación Provincial de Ourense, que poderá ser substituído polos vicepresidentes, conforme á súa orde de prelación.

Vogais:

O deputado - delegado de Administración Provincial

O presidente do INORDE e deputado delegado de Facenda

O deputado - delegado de Cooperación Provincial e presidente do Consorcio Provincial do Servizo Contra Incendios e de Salvamento e do Consorcio de Augas de Valdeorras

O vicepresidente 2º da Deputación Provincial

A deputada - delegada de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais.

Secretario: o secretario xeral da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

b) Funcións:

O Comité de Seguimento terá a condición de órgano deliberante, tendo como función principal o asesoramento á Presidencia para a adopción das medidas a adoptar como consecuencia da pandemia do COVID - 19, incluída a actualización do presente protocolo, cando proceda, facilitando a posta en común da información dispoñible dos diferentes centros de traballo e servizos dependentes da Deputación Provincial e dos seus entes públicos dependentes ou adscritos, garantindo a axeitada coordinación na xestión e execución das medidas que se adopten e facilitando a avaliación e seguimento conxunto da súa efectividade.

c) Réxime de funcionamento: aplicarase ao Comité de Seguimento as normas de funcionamento propias da Xunta de Goberno, na medida en que sexan compatibles coa súa natureza de órgano deliberante.

En todo caso, o Comité de Seguimento poderá reunirse e realizar as súas sesións mediante videoconferencia.

III. Peche ao público dos centros de traballo. Suspensión de actos públicos e da prestación de servizos culturais, deportivos e formativos.

3.A. A totalidade dos centros de traballo dependentes da Deputación Provincial de Ourense, INORDE, Consorcio CIS e Consorcio de Augas de Valdeorras permanecerán pechados ao público con carácter xeral ata o 1 de abril de 2020. En consecuencia, non se permitirá o acceso das persoas que non teñan a condición de cargos electos ou empregados públicos provinciais, agás nos casos excepcionais nos que se conceda cita previa para a atención dos cidadáns.

3.B. En consecuencia, os servizos culturais, deportivos e de formación de todo tipo, que se prestan de forma presencial ás persoas, incluíndo o uso de instalacións deportivas e a visita a establecementos ou centros culturais ou formativos, quedan suspendidos na súa prestación ata o 1 de abril de 2020.

Esta medida afecta aos servizos prestados pola Sección de Formación da Deputación, Pazo dos Deportes Paco Paz, Teatro Principal, Centro Cultural Provincial Marcos Valcárcel, Centro de Interpretación da Vida Monástica da Ribeira Sacra, Museo Galego do Entroido, Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, Escola Provincial de Gaitas, Museo Internacional da Cornamusa, Escola de Artes e Oficios e Pazo de Vilamarín.

Igualmente, quedan suspendidos todos os actos e eventos de carácter público promovidos ou organizados pola Deputación Provincial, manténdose unicamente as roldas de prensa dos

membros do goberno provincial que sexan necesarias para dar traslado á cidadanía da información que se considere relevante, e que se realizarán, en todo caso, mediante a súa retransmisión a través da Internet.

3.C. No caso dos servizos obxecto de suspensión gravados con taxas ou prezos públicos, a Deputación Provincial procederá de oficio á devolución aos interesados dos importes correspondentes aos servizos xa pagados que non teñan sido obxecto de prestación como consecuencia da súa suspensión.

IV. Mantemento do resto de servizos públicos dependentes da Deputación Provincial e dos seus organismos e entidades dependentes ou adscritos.

Durante a vixencia do estado de alarma, a Deputación Provincial e os seus entes dependentes ou adscritos garantirán a continuidade e a adecuada prestación dos servizos públicos do sector provincial non incluídos no apartado 3, e en particular dos seguintes:

a) O servizo intermunicipal de recollida de residuos municipais

b) O servizo de puntos limpos, sen prexuízo da prohibición de acceso aos recintos para os cidadáns. Para estes efectos, os cidadáns que teñan que entregar residuos voluminosos depositarán estes no acceso aos puntos limpos, sendo posteriormente introducidos no recinto polo persoal do servizo.

c) O servizo de transferencia de residuos municipais

d) Os servizos de limpeza viaria nos municipios de Viana do Bolo e Carballeda de Valdeorras

e) Os servizos de abastecemento de augas, saneamento e depuración e alumado público no municipio dos Blancos.

f) A rede de centros de recollida de animais abandonados. Non obstante, a recepción e entrega de animais nos centros por parte dos cidadáns queda suspendida, agás en casos de forza maior.

g) A asistencia aos municipios, en xeral, e en particular para a xestión dos servizos relacionados co ciclo hidráulico, que continuará a prestarse a través da empresa mixta Aquauorense, S.A.

h) As actuacións urxentes de vixilancia, conservación e mantemento das estradas provinciais e da rede viaria municipal dos Blancos, en particular a actuación nas posibles incidencias que poidan xurdir na rede.

i) O servizo de teleasistencia domiciliaria.

j) O servizo de abastecemento e saneamento en O Barco de Valdeorras, así como o servizo de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras, dependente do Consorcio de Augas de Valdeorras.

k) O servizo de intervención en emerxencias, dependente do Consorcio CIS.

l) As granxas e explotacións agropecuarias da Deputación Provincial e do INORDE

m) O Instituto de Desenvolvemento Agro - Gandeiro de Xinzo de Limia, dependente do INORDE.

n) O Boletín Oficial da Provincia, manténdose a súa publicación electrónica.

O resto de servizos non indicados na relación anterior quedan temporalmente suspendidos ata o 1 de abril de 2020.

En todo caso, a prestación dos servizos realizarase adoptando todas as medidas precautorias posibles, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias e evitando ao máximo o contacto entre as persoas, conforme ás instrucións que impartan os xefes das respectivas unidades, baixo a coordinación do

deputado - delegado de Administración Provincial ou dos presidentes dos organismos dependentes ou adscritos.

V. Prestación dos servizos administrativos xerais.

Os servizos de carácter administrativo continuarán a prestar-se aos cidadáns, se ben de forma non presencial, utilizando os medios telefónicos e telemáticos dispoñibles. A tal efecto, os interesados poderán tramitar as súas solicitudes e realizar as actuacións que resulten necesarias nos seus expedientes a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

No caso de que os cidadáns carezan de medios para realización on - line dos trámites, atenderáselles mediante correo electrónico ou telefonicamente, nos seguintes termos:

a) Con carácter preferente, os cidadáns poderán remitir un correo electrónico indicando o trámite que desexen realizar. Os servizos provinciais poranse en contacto cos interesados o antes posibles, e facilitará as instrucións a seguir para a realización dos trámites.

Na medida en que sexa legalmente posible, se facilitará a presentación de documentación mediante correo electrónico, realizándose a presentación no Rexistro Electrónico polos propios empregados públicos.

b) En caso de non dispoñer de correo electrónico, os cidadáns poderán formular as súas consultas de forma telefónica. Pégase que a utilización desta vía se restrinja aos casos nos que sexa estritamente necesario, con fin de evitar o colapso das liñas telefónicas provinciais.

Para a remisión do correo electrónico ou a consulta telefónica empregaranse as direccións de correo e teléfonos dos distintos servizos, dispoñibles na web da Deputación.

Excepcionalmente, naqueles casos en que non sexa posible a tramitación on - line do asunto de que se trate e este teña carácter urxente, poderá atenderse de forma presencial aos interesados, previa cita que se comunicará de forma telefónica ou mediante correo electrónico, e coa adopción das medidas precautorias oportunas.

VI. Réxime de asistencia ao traballo dos empregados públicos provinciais

1. Durante o estado de alarma, os empregados públicos provinciais quedan suxeitos ao seguinte réxime especial de asistencia aos centros de traballo.

a) Os empregados públicos que presten os seus servizos nos centros aos que se refire o apartado III quedan eximidos temporalmente da obriga de asistir aos centros de traballo, debendo en todo caso estar localizables por vía telefónica nos seus domicilios. Exceptúase do anterior o persoal encargado da vixilancia e mantemento dos centros de traballo, que deberá asistir de forma presencial para a realización das súas funcións, e o persoal das unidades administrativas deses centros, que prestará os seus servizos en réxime de teletraballo, conforme ao previsto no apartado e).

Co fin de minimizar os desprazamentos e contactos persoais, os xefes dos centros respectivos establecerán quendas de asistencia ao centro de traballo.

b) Os empregados públicos que presten os seus servizos nos centros de traballo dos servizos públicos aos que se refire o apartado IV, deberán concorrer ao seu posto de traballo de forma presencial.

c) O persoal de servizos do Pazo Provincial e do resto de edificios administrativos provinciais - ordenanzas, telefonistas, persoal de limpeza, vixilancia ou mantemento - asistirán de forma presencial aos seus postos de traballo mediante as quendas que se establezan.



En todos os casos sinalados nos apartados a), b) e c), as quendas de asistencia estableceranse procurando que a asistencia presencial se aplique ao menor número de empregados que sexa posible. As ditas quendas de asistencia comunicaranse aos empregados públicos á maior brevidade posible, publicándose, en todo caso, na sede electrónica da Deputación.

d) O persoal do Servizo de Administración Electrónica, os directores de área e os xefes de servizo deberán acudir de forma presencial ao seu centro de traballo, ata tanto non se complete o proceso de implantación efectiva do teletraballo previsto no apartado seguinte.

Adicionalmente, poderá acordarse que asistan de forma presencial os empregados públicos cuxa presenza resulte indispensable para garantir o adecuado funcionamento dos servizos.

e) O resto do persoal permanecerá nos seus domicilios durante o estado de alarma, debendo prestar os seus servizos na modalidade de teletraballo, na medida en que sexa posible, e debendo en todo caso estar localizable telefonicamente para o suposto de que os seus servizos sexan requiridos.

2. A implantación do teletraballo realizarase de forma progresiva, coordinada pola Área de Transparencia e Goberno Aberto, coas direccións de área e xefaturas de servizo, nos seguintes termos:

a) A implantación efectiva do teletraballo esixirá que o empregado afectado dispoña no seu domicilio de conexión a Internet e dos medios necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas. Para estes efectos, os empregados públicos que dispoñan de equipos móbiles oficiais quedan autorizados a trasladalos aos seus domicilios. Noutro caso, deberán utilizar os seus dispositivos ou equipos particulares.

No caso de que os empregados públicos nos dispoñan dos medios indicados, quedarán eximidos do teletraballo e da asistencia presencial aos seus postos durante o estado de alarma, sen prexuízo do deber de localización telefónica.

b) A instalación dos programas e aplicacións necesarias nos equipos dos empregados públicos realizarase de forma remota, sen necesidade de que estes se despracen ao centro de traballo. A tal efecto, os funcionarios do servizo de Administración Electrónica se poñerán en contacto cos empregados públicos afectados mediante teléfono ou correo electrónico.

c) O empregado público realizará o teletraballo no horario ordinario, sen prexuízo das adaptacións que poidan establecerse en casos concretos por motivos de conciliación da vida laboral e familiar.

3. Sen prexuízo do anterior, no supostos en que se mantén a obriga de asistencia presencial ao posto de traballo, os empregados públicos provinciais que o soliciten poderán obter un permiso para o cumprimento de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral, polo tempo indispensable, nos termos previstos no artigo 117 do Lei do emprego público de Galicia. En particular, esta medida aplicarase aos empregados provinciais que teñan ao seu cargo menores ou maiores dependentes que se vexan afectados polos peches de centros educativos e de maiores. Non obstante, non poderán concederse estes permisos de forma simultánea no caso no que os proxenitores ou responsables do maior dependente teñan a condición de empregados públicos.

Igualmente, aplicarase esta medida, previa solicitude dos interesados, aos empregados públicos que pertencen a grupos de alto risco ou padezan patoloxías crónicas ou teñan familiares cos que convivan que se atopen nesas situacións.

As solicitudes poderán presentarse a través do rexistro electrónico ou mediante correo electrónico dirixido a persoal@depourense.es podendo concederse con efecto retroactivo á data de 16 de marzo de 2020.

4. Os empregados públicos que sospeiten que poidan estar infectados polo coronavirus COVID - 19 non deberán acudir en ningún caso aos centros de traballo, comunicándoo de forma telefónica ou mediante correo electrónico, e deberán contactar coas autoridades sanitarias para os efectos de realizar as probas diagnósticas que procedan.

5. Evitaranse na medida do posible as reunións de traballo, utilizándose preferentemente sistemas de videoconferencia.

6. A realización de viaxes de traballo queda prohibida con carácter xeral, e esixirá autorización previa do deputado delegado de administración provincial ou dos presidentes dos organismos dependentes ou adscritos.

VII. Medidas en relación cos órganos colexiados e cargos electos:

Queda suspendida no mes de marzo a realización de sesións dos órganos colexiados da Deputación, coa excepción da Xunta de Goberno e da Comisión de Seguimento da crise do COVID - 19, que en todo caso reunirse nos supostos que resulten imprescindibles. Os deputados provinciais, así como o persoal dos seus grupos políticos, procurarán realizar as súas xestións e actividades de forma telemática ou telefónica, podendo solicitar a asistencia que precisen da Área de Transparencia e Goberno Aberto.

VIII. Paralización dos prazos de carácter preclusivo nos procedementos administrativos.

1. Con carácter xeral, e nos termos previstos na Disposición Adicional 3ª da Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, quedan paralizados os prazos de carácter preclusivo dos diferentes procedementos administrativos en curso. Sen prexuízo do anterior, o órgano competente para a súa tramitación e resolución poderá acordar mediante resolución motivada, as medidas de ordeación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses dos interesados no procedemento, sempre que estes manifesten a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

2. En particular nos procedementos de xestión tributaria e recadación en curso, aplicarase as seguintes regras:

a) No caso dos tributos emitidos que estean en período voluntario de pagamento, o prazo de pagamento entenderase suspendido durante o período no que dure o estado de alarma, sen prexuízo de que os contribuíntes poidan seguir realizando pagos durante o dito período.

b) Durante a vixencia do estado de alarma non se iniciará o período de pagamento voluntario de ningún tributo.

c) Durante a vixencia do estado de alarma, quedarán suspendidos os procedementos de recadación en vía executiva, e non se procederá á iniciación de novos procedementos deste tipo.

IX. Outras medidas:

1. Queda suspendida a realización de probas selectivas de persoal.

2. Dotarase de puntos de hixienización o acceso a tódolos centros de traballo.

3. Dotarase de dispensadores automáticos de xabón e desinfectantes en tódolos aseos, e de líquido antiséptico en tódalas dependencias.

4. Colocarase paneis informativos nos aseos, vestiarios e puntos de acceso, indicando a técnica correcta de lavado de mans.

5. A empresa prestadora do servizo de limpeza extremará as tarefas de desinfección, aplicando un desinfectante nos pomos das portas e sistemas de apertura de fiestras, nos marcos das portas e nas billas e instalacións sanitarias, cunha frecuencia de dúas horas durante a xornada laboral.

6. O persoal empregará os equipos de protección individual necesarios, seguindo as instrucións do Gabinete de Prevención de Riscos Laborais para o efecto.

7. Aplicaranse de forma automática e sempre que sexa posible as recomendacións das autoridades sanitarias, así como as instrucións que poida ditar a autoridade competente para a xestión da situación de emerxencia sanitaria e do estado de alarma. 2º) Ordenar a publicación deste protocolo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, así como a súa difusión nos medios de comunicación social da provincia.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe”.

Asinado electronicamente por Jose Manuel Baltar (R: P3200000B).

Presidente da Deputación de Ourense 16/03/2020 - 12:47:49.

R. 691

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación do Miño-Sil, O.A.

Comisaría de Augas Ourense

Por resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, con data 21 de febreiro de 2020, acordouse someter a información pública o documento relativo ás obras que a continuación se relaciona e para os efectos que igualmente se expresan:

Proxecto de consolidación, reparación e mellora da capacidade de desaugadoiro da ponte de Conceliñas sobre o río Mao, en Parada de Sil (Ourense), para os efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O referido documento estará exposto nas oficinas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, situadas en Ourense, rúa Curros Enríquez, n.º 4 - 2º, e publicado na web oficial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, para que poida ser examinado por quen o desexe e formular as alegacións ou observacións que consideren oportunas, sobre o contido do proxecto, durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no último dos boletíns oficiais no que se ha de publicar, Boletín Oficial do Estado e Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

O presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz.

Documento asinado electronicamente.

Confederación del Miño-Sil, O.A.

Comisaría de Aguas Ourense

Por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, de fecha 21 de febrero de 2020, se ha acordado someter a

información pública el documento relativo a las obras del asunto, que a continuación se relaciona y a los efectos que igualmente se expresan:

Proyecto de consolidación, reparación y mejora de la capacidad de desagüe del puente de Conceliñas sobre el río Mao, en Parada de Sil (Ourense), a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El referido documento estará expuesto en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, situadas en Ourense, calle Curros Enríquez, n.º 4 - 2º, y publicado en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, para que pueda ser examinado por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido del mismo, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el último de los boletines oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

El presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.

Fdo.: José Antonio Quiroga Díaz

Documento firmado electrónicamente.

R. 522

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

Concellería de Recursos Humanos

Mediante o Decreto da Alcaldía nº 2020001550, do 4 de marzo de 2020, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Suprimir os seguintes postos directivos creados mediante decreto nº 4216, do 21 de setembro de 2007, da Alcaldía do Concello de Ourense:

- Dirección Xeral de Rehabilitación Urbana
- Dirección Xeral de Turismo e Termalismo
- Dirección Xeral de Recurso Humanos e Servizos Xerais

Segundo. Publicar a resolución no BOP.

Ourense 12 de marzo de 2020. O concelleiro de recursos humanos.

Asdo.: Armando Ojea Bouzo.

Concejalía de Recursos Humanos

Mediante decreto de Alcaldía nº 2020001550, de 4 de marzo de 2020, se resolvió lo siguiente:

Primero.- Suprimir los siguientes puestos directivos creados mediante decreto núm. 4216, de 21 de setiembre de 2007, de alcaldía del Ayuntamiento de Ourense:

- Dirección General de Rehabilitación Urbana
- Dirección General de Turismo y Termalismo
- Dirección General de Recursos Humanos y Servicios Generales

Segundo.- Publicar la resolución en el BOP

Ourense 12 de marzo de 2020. El concejal de recursos humanos.

Fdo.: Armando Ojea Bouzo.

R. 675

